

OPINIÓN



XA ESTAMOS DE VOLTA!

Despois dunhas longas vacacións estivais, xa estamos de volta no traballo.

Tivemos uns sentimentos encontrados xa que as ganas de volver eran grandes, quedaron atrás eses días de festas, longas sestas, paseos pola beira do mar, e momentos para desfrutar do tempo libre.

Como a adaptación á rutina é complicada, este mes a publicación do boletín retrasare algo mais do habitual polo que vos pedimos desculpas.

Esperamos que pasádes unhas boas vacacións e que chegarades ao traballo co mesmo ánimo que a maioría de nos.

O equipo da Redacción



CONTIDOS

Opinión p. 1

Cultura, Eventos e Festas p. 2 e 3

Deporte p. 3

O tempo p. 3

A entrevista p. 4

Pasatempos p. 5

O próximo mes p. 5



Como noutras ocasións, regresamos ao Freixo, xa que os compañeir@s que foran contáronnos que o pasaron xenial. Demos unha camiñata á beira da ría desfrutando dos raios de sol do verán.

Houbo unha sorpresa, atopámonos a un antigo compañeiro, Jesús García xunto ca súa familia.

Fomos tomar algo e aproveitamos para poñer-nos ao día.

A ALAMEDA PREPARADA PARA A FESTA



Xa que o 25 de xullo foi o día do Apóstolo, un dos venres quixemos ir ver como estaba todo preparado para a festa. Para iso, achegámonos unha mañá á Alameda de Santiago e aínda que todo estaba pechado, había montadas un montón de cousas.

Varias atraccións, como a noria, os autos de choque e cabaliños para os mais pequenos. Tamén estaban preparados os postos de comida onde mercar churros, rosquillas e por suposto o polbo.

A verdade que a zona vella estaba a tope de xente, pero non perdoamos o noso cafeciño de media mañá.

Que grandes son as festas da nosa cidade.

O último día de traballo, o 31 de xullo o tomamos con moita calma. Pasamos a mañá entre café e charla xa nos achegamos aobar Lupe's que queda preto do noso centro.

Fomos todos xuntos camiñando e cando chegamos tiñamos toda a terraza preparada para nós. Pedimos cada un o que quixemos e ademáis nos trouxeron churros e biscoito, que rico estaba todo.

Falamos de todo o que tiñamos pensado facer nas vacacións e tamén de todo o que fixemos este ano.

Pasámolo xenial e foi unha mañá diferente.

BENVIDA ÁS VACACIÓNS DE VERÁN



ANIVERSARIO DO MES



O día 10 de xullo foi o aniversario da nosa compañeira M^a Carmen e a pesar de que de costume celebramos os aniversarios o último venres de mes nesta ocasión preferimos facelo o luns 30 para así pechar ben o ano antes de ir de vacacións. Para dito festexo fixemos algo moi especial e persoal, un rap onde resaltamos diferentes aspectos dela. E como soemos facer, xa pola tarde desfrutamos dun “piscolabis” convidados pola homenaxeada.

O TEMPO



O tempo deste verán podémolo resumir coma caloroso, incluso por momentos algo agobiante de máis. É un clima pouco habitual xa que estamos mais acostumados a veráns inestables onde predominaban as nubes fronte aos días soleados.

A nova estación non fixo que o tempo cambiara polo que o comezo de outono seguiu sendo caloroso e soleado moi probablemente debido ao “veraniño de San Miguel”.

A ver canto nos queda para desfrutar deste tempo, pero a este paso imos tomar o turrón en traxe de baño.

DEPORTE



En relación co deporte, tivemos a sorte de poder vivir unha nova experiencia. A asociación “Discamiño” que se creou para que as persoas con discapacidade poidesen facer o Camiño de Santiago, acercáronse ata Santiago para brindarnos a posibilidade de probar as bicicletas adaptadas que teñen.

Foi o xoves 13 cando, xunto con algunhas persoas do Cottolengo, puidemos desfrutar desta actividade. Como as prazas estaban limitadas, non todos poidemos probar pero esperemos que volten xa que a experiencia foi maravillosa.

Moitas gracias aos voluntarios de “Discamiño”.

ENTREVISTA 10

NESTE NOVO NÚMERO DO BOLETÍN DO SADT, ENTREVISTAMOS A MÁIS “VETERANOS” DE SARELA QUE NESTE CASO SON: SANTIAGO, CARLOS E JOAQUÍN.

Canto tempo levades en Sarela?

Joaquín: 14 anos aproximadamente.

Santiago: Máis ou menos coma Joaquín.

Carlos: A tira de anos, sobre 9 ou 10.

Como cambiou a vosa vida ao vir a Sarela?

J: Cambiou moito, para ben, por suposto.

S: Tamén para ben. Despois do accidente, non tiña relación con moita xente e ao vir a Sarela isto cambiou.

C: A miña vida cambiou por completo. Como dixo o meu compañeiro, eu tampouco tiña relación con ninguén.

Notades cambios en Sarela dende o inicio ata agora? En que cambiou?

J: Bastantes. Por exemplo, ao principio non comiamos aquí, só estabamos polas mañás. Tamén cambiamos de local. Agora somos máis xente, antes eramos pouquiños.

C: Moito. O local de antes era pequeno e incómodo. As actividades tamén cambiaron, para mellor.

S: Comparto o que dixeron os meus compañeiros.

Como foi a chegada a Sarela?

J: Estaba “acojonado” xa que non tiña nin idea de a onde ía.

C: Non me esperaba nada especial.

S: Sentínme moi acollido.

Que cousas aprendestes en Sarela? Cal é a actividade que máis partido lle vedes?

J: Aprendín de todo, a convivir con xente diferente, e a ser felices de novo e a valorar as cousas máis pequenas. E a actividade a que máis partido lle saco é a psicomotricidade, porque non só é



moverse, tamén traballamos outras cousas.

C: Ademais do que dixo Joaquín, tamén aprendín a andar co ordenador, antes non sabía. Tamén penso que psicomotricidade é a actividade á que máis partido lle saco.

S: Coincido totalmente cos meus compañeiros, menos na actividade, que para min é informática.

Faise longo estar tanto tempo en Sarela?

Joaquín, Carlos e Santiago: Non (risas).

J: por min estaría mais tempo.

Que foi o que máis vos gustou destes anos? E o que menos?

C: Ter a posibilidade de ir a piscina.

S: Todo ben, non podo elixir nada.

J: O que máis me gustou de todo, foi que se ampliase a xornada.

Que cousas cambiariades de Sarela?

J: Nada.

C: Eu tampouco.

S: Coincido cos meus compañeiros, eu non cambiaría nada.

A pesar das diferenzas de cada un, como é a vosa convivencia en Sarela cos teus compañeiros? Botades algún de menos?

J: En xeral é boa. Algunha vez nos enfadamos pero é o normal, pasamos moito tempo xuntos.

C: Sempre se bota de menos aos compañeiros que se foron, e neste momento, a un en concreto que se está recuperando dunha operación.

Despois do vivido, recomendariades a Sarela a unha persoa con dano cerebral? Por que?

J: Eu recomendaría Sarela a todo o mundo xa que aquí nos sentimos e nos fan sentir “normales”.

C: Por suposto, porque nos tratan ben e se queres mellorar, non hai mellor sitio.

S: Eu si recomendaría, porque a min me foi ben e ao resto tamén lle irá.

PASATEMPOS

Neste último pasatempo da época estival, imos propoñervos unha variedade nova de reto. Teredes que cubrir os ocos das palabras que faltan na letra dunha das cancións mais populares do verán, “La Barbacoa”. A disfrutar e a cantar moito!!!

Este _____ con todos mis amigos
 Nos vamos para el _____ a comer la barbacoa
 Y nos reunimos con un montón de _____
 Hacemos nuestro ambiente, y una linda _____
 Nos llevamos muchas cosas--Las bebidas las _____
 Las salchichas ,las costillas buena _____ la parrilla
 El _____ y el chuleton
 LA BARBACOA, LA BARBACOA, COMO ME GUSTA,LA _____
 LA BARBACOA, LA BARBACOA, COMO ME GUSTA,LA _____
 Que ricos los chorizos _____
 Los chorizos _____
 Que ricas las _____ a la brasa--
 Las _____ a la brasa
 Que buenas las chuletas de _____ --
 Las chuletas de cordero
 Que bueno es este vino de _____
 -- este vino de _____
 LA BARBACOA, LA BARBACOA, COMO ME GUSTA,LA _____
 LA BARBACOA, LA BARBACOA, COMO ME GUSTA,LA _____

GARRAFA, SALCHICHAS, BARBECU, GASEOSAS, CORDERO, BARBECU, CARBÓN, PARRILLEROS, SALCHICHAS, CAMPO, BARBECU, DOMINGO, BARBECU, CORDERO, PARRILLEROS, BARBACOA, GENTE.

NO PRÓXIMO NÚMERO...

Saídas: Excursión en barco polo río Miño.

Aniversarios: Santiago (agosto), Juan Rendo e Carlos.

Festas e acontecementos: Concerto de Samuel Leví xunto con xente de ASPANAES.